



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR

Actualización do 12/12/2023

PRESENTACIÓN	5
1. INTRODUCCIÓN	6
1.1 Identificación das persoas titulares , da localización da actividade e xustificación do plan.	6
1.2 Definición e obxectivos.....	7
1.3 Normativa aplicable	8
2. AVALIACIÓN DO RISCO	10
2.1 Introducción	10
2.2 Antecedentes históricos e realidade socio-económica	10
2.3 Risco potencial.....	11
2.3.1 Situación do edificio respecto do seu exterior	11
2.3.2 Situación dos edificios e accesos	13
2.3.3 Situación dos medios exteriores de protección	16
2.3.4 Características construtivas dos edificios.....	16
2.3.5 Actividades e ocupación dos edificios	24
2.3.6 Situación e características das instalacións e locais de risco	29
2.4 Avaliación do risco	30
3. MEDIOS DE PROTECCIÓN	31
3.1 Medios de extinción de incendios dentro do recinto.....	31
3.1.1 Extintores	31
3.1.2 Bocas de incendio no interior dos edificios	33
3.1.3 Bocas de rego no exterior.....	33
3.1.4 Instalación de detección	33
3.2 Medios de extinción de incendios fóra do recinto	33
3.3 Sistema de aviso de alarma	33
3.4 Material de primeira intervención.....	33
3.4.1 Caixa de primeiros auxilios.....	33
3.4.2 Chaveiro de emerxencia	33
3.5 Teléfonos de emerxencia	34
4. DESEÑO DA EVACUACIÓN	35
4.1 Ocupación real no curso 2023-2024	35
4.2 Vías de evacuación.....	35
4.3 Normas a seguir para unha evacuación ordenada	35
4.3.1 Normas para profesores	35
4.3.3 Normas para o persoal non docente e persoal de posibles concesións ou empresas que haxa no instituto.	36

4.4	Persoas encargadas da apertura das portas	38
4.5	Tempo para a evacuación	39
4.6	Orde de evacuación , portas de saída e punto de encontro.....	40
4.7	Sinalización	45
4.7.1	Sinais de evacuación	45
4.7.2	Iluminación de emerxencia	45
4.8	Deseño do confinamento:.....	45
4.8.1	Normas de actuación	45
4.8.2	Aulas de confinamento	47
5.	PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN	50
5.1	Comisión de autoprotección escolar	50
5.1.1	Composición	50
5.1.2	Funcións	50
5.2	Xefe de intervención e emerxencia	50
5.2.1	Composición	50
5.2.2	En caso de accidente ou emerxencia.....	50
5.2.3	Se se detecta un incendio	50
5.2.4	En caso de ameaza de bomba.....	51
5.3	Equipo de primeira intervención (E.P.I.).....	51
5.3.1	Composición	51
5.3.2	Se se detecta un incendio	52
5.4	Equipo de primeiros auxilios (E.P.A.).....	52
5.4.1	Composición	52
5.4.2	Funcións	52
5.5	Equipo de Alarma e evacuación (E.A.E.)	52
5.5.1	Composición	52
5.6	Equipo de evacuación de planta (E.E.P.)ou Coordinador de Planta.....	54
5.6.1	Composición	54
5.6.2	Se se detecta un incendio	55
5.7	Programa de implantación e revisión.....	58
5.7.1	Data límite para a redacción do plan.....	58
5.7.2	Data para a aprobación do plan.....	58
5.7.3	Data para a incorporación dos medios de protección previstos no plan ..	58
5.7.4	Data para a actualización e revisión do plan.....	58
5.7.5	Data para a incorporación de novos medios de protección.....	58
5.7.6	Data de realización do simulacro de evacuación	58
5.7.7	Información ao claustro e ao Consello escolar do P.A.E.	58
5.7.8	Información aos alumnos do P.A.E.....	58

5.8 Programa de mellora e mantemento.....	59
5.9 Programa de formación.....	59
5.9.1 Destinatarios.....	59
5.9.2 Obxectivos	59
5.9.3 Contidos	59
5.9.4 Desenvolvemento.....	59
ANEXOS: PLANOS.....	60

PRESENTACIÓN

Este Plan de autoprotección do Instituto de educación secundaria A Pinguela naceu marcándose o obxectivo de que, ademais dun proxecto operativo, o documento debía amosarse tamén como un elemento formativo das persoas que acotío conviven no centro educativo.

Todos os individuos que comparten as instalacións do instituto están expostos a unha serie de riscos que, no caso de se materializaren, poñerían en perigo a súa propia seguridade persoal, e tal vez a doutros. Que ese risco, en determinadas situacións, poida chegar a materializarse ou non, vai depender das decisións que se tomen neses momentos.

Moitos dos elementos que empregamos con frecuencia poden ser a orixe de riscos, tanto se non se utilizan co debido coidado como se deles se fai unha manipulación incorrecta. Noutros casos, os riscos poden xurdir do descoñecemento das normas de correcta utilización de cada produto; ou de non saber como actuar no caso de se producir unha emerxencia.

Amáis diso, tívose en conta, ao deseñar este documento, que as idades en que se atopan a maior parte de alumnas e alumnos do instituto son axeitadas para promover a formación neste eido, coa posibilidade de facer un labor de concienciación da importancia da prevención en materia de riscos que, ao longo da súa vida futura, os leve a mostrar unha actitude receptiva e participativa nestes temas.

Como norma básica de referencia á hora de implantar este Plan tomouse a Lei de Prevención de riscos laborais, na cal se regulan os Servizos de prevención, que son o conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

Tamén se tivo en conta a existencia do Decreto 204/1997, polo que se creou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia, que estableceu a obriga de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respecto do persoal e centros docentes, crease e regulase os seus propios servizos de riscos laborais.

O noso agradecemento a todas as persoas que, desde a súa implantación ata agora, colaboraron ou fixeron achegas ao presente Plan de autoprotección.

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Identificación das persoas titulares , da localización da actividade e xustificación do plan.

*Identificación das persoas titulares e da localización da actividade.

1.1. Enderezo postal da localización da actividade.

O IES A PINGUELA sitúase na Crta de Sober S/N , Monforte de Lemos, Lugo.

Tf: 982 82 80 51, o Fax o 982 82 80 66

1.2. Identificación das persoas titulares da actividade.

A persoa titular é o director do centro D. Enrique Sampil Sánchez.

1.3. Nome da persoa que dirixe o PAU e da persoa que dirixe o plan de actuación ante emerxencias, no caso de que sexan distintos: é o director do centro D. Enrique Sampil Sánchez.

*Xustificación do Plan:

O presente **Plan de autoprotección** redáctase co fin de garantir a organización dos medios humanos e técnicos dispoñibles para a evacuación de persoal e a intervención inmediata fronte a un posible sinistro no Instituto de educación secundaria A Pinguela.

O IES A Pinguela é un centro educativo constituído por un conxunto de edificacións para uso docente, segundo marca o documento básico SI –seguridade en caso de incendio-- do Código técnico da edificación (CTE), ao considerarse que ten tal uso o “edificio, establecemento ou zona destinada a docencia, en calquera dos seus niveis: escolas infantís, centros de ensinanza primaria, secundaria, universitaria ou formación profesional”. Por outra banda, tamén se determina no documento básico SI do CTE que “as zonas dun establecemento de uso docente destinadas a actividades subsidiarias da principal, como cafetarías, comedores, salóns de actos, administración, residencia, etc., deben cumprir as condicións relativas ao seu uso”, aínda que este Código non será de aplicación aos edificios que contasen con licenza no momento da súa entrada en vigor.

Os edificios do IES A Pinguela son construcións que se foron facendo en épocas distintas, dende hai máis de trinta anos; e que, ademais, sufriron modificacións en anos posteriores á construción, por mor dunha elevada taxa de matrícula. Dado o momento en que se produciu a edificación, non é obrigado o cumprimento estrico do vixente CTE; mais iso non impide, evidentemente, que se poidan dar recomendacións para eliminar ou reducir o risco de incendio, e doutro tipo de sinistros, utilizando os criterios reflectidos nesa Norma.

Este Plan de autoprotección consta dos seguintes apartados:

Avaliación do risco: identificación, valoración e localización, nas distintas edificacións, do risco potencial de incendio e doutras situacións perigosas.

Medios de protección: relaciónanse os medios técnicos e humanos necesarios e dispoñibles para a autoprotección.

Plan de emerxencia: contempla as diferentes hipóteses de emerxencia e os plans de actuación para cada unha delas.

Implantación e revisión do Plan de emerxencia: conxunto de medidas para tomar, ou secuencia de actuacións para realizar, con obxecto de asegurar a eficacia operativa dese Plan.

1.2 Definición e obxectivos

Unha emerxencia é toda acción ou proceso que pode derivar en danos a persoas e/ou instalacións de xeito inesperado e violento. É dicir, debemos contemplala como un acontecemento anormal, aínda que non desexado nin programado, que vai interromper a actividade normal do Instituto, e que ten un carácter de perigo potencial para as persoas e as súas instalacións.

As emerxencias nas edificacións do IES A Pinguela pódense deber ás seguintes causas:

- **Causas naturais:** inundacións, terremotos, afundimentos, tormentas, etc.
- **Causas accidentais:** incendios, escapes de combustible, explosións, fugas de gas...
- **Causas provocadas:** atentados, incendios intencionados, ameazas de bomba...

O presente Plan de autoprotección do IES A Pinguela ten como pretensión específica que o centro estea dotado dun **Plan de emerxencia**, que comprende a organización dos medios humanos e materiais dispoñibles para a prevención de calquera situación da que se poida derivar un dano ás persoas, instalacións ou degradación do medio ambiente; e que pretende garantir a evacuación e intervención inmediata, con obxecto de minimizar os posibles efectos sobre todas elas.

As bases técnicas para acadar os obxectivos básicos do Plan de emerxencia, serán:

- ^ Coñecer as instalacións do Instituto (continente e contido), analizando a perigosidade dos distintos sectores e os medios de protección dispoñibles, as carencias que se detecten segundo a normativa vixente, e a priorización das necesidades para cando estas poidan ser atendidas.
- ^ Garantir, no posible, a fiabilidade de todos os medios de protección e as instalacións xerais.
- ^ Previr as causas que poidan ser orixe das emerxencias.
- ^ Programar os plans de actuación fronte ás posibles emerxencias.
- ^ Dispoñer e determinar as persoas (organizadas, formadas e adestradas) que garantan rapidez e eficacia nas actuacións que deban emprenderse para o control das emerxencias.

- △ Ter informados a todos os usuarios das instalacións de como deben actuar ante unha emerxencia, e en condicións normais, para a súa prevención.
- △ Organizar as relacións que sexan necesarias para a coordinación dos servizos externos en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento, seguridade e loita contra incendios.
- △ Necesidade de desaloxar o centro nun tempo mínimo, para evitar posibles riscos.

Este Plan, complementarase coa formación do profesorado, persoal de administración e servizos e de calquera outra persoa que realice o seu traballo nas instalacións do Instituto, para que, tanto no centro educativo como fóra del, actúen coa precaución necesaria para non ser causantes dunha emerxencia; e para que, se se ven inmersos nunha situación de tal tipo, saiban actuar coa serenidade e co criterio precisos para garantir a súa propia seguridade e a dos demais.

- Os obxectivos educativos que se traballarán co alumnado, serán:
- Interiorizar a necesidade de desaloxar o centro nun tempo mínimo, co fin de evitar posibles riscos.
- Interiorizar a necesidade do desaloxo do centro de xeito ordenado, para que resulte eficaz e se eviten accidentes durante o mesmo.
- Desenvolver actitudes solidarias e de responsabilidade en situacións de emerxencia.
- Interiorizar a necesidade de coñecer as normas xerais de desaloxo de calquera edificio, coa finalidade de evitar posibles riscos para as persoas e as instalacións.
- Entender a seguridade como parte da educación para a saúde.
- Coñecer os procedementos de actuación nos supostos do ámbito de actuación do Plan.

1.3 Normativa aplicable

- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 21).
- Orde do 27 de febreiro de 2012, pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (DOG do 12 de marzo).
- Orde do 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de Centros docentes de Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional (BOE do 17).
- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia (BOE do 24).
- Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (BOE do 28), modificado polo RD 732/2019.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, sobre o sistema nacional de protección civil (BOE do 10).
- Real decreto 524/2023, de 20 xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil (BOE do 21 de xuño).

- Real Decreto 809/2021, de 21 de setembro polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias (BOE 11/10/21).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais (BOE do 10).
- Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión (BOE do 18 de setembro). Resolución do 9 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza a listaxe de normas da instrución técnica complementaria ITC-BT-02 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto.
- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (BOE do 7 de agosto).
- Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23).
- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (BOE do 23).
- Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia (DOG do 8 de agosto).
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (DOG do 24) modificada pola lei 8/2021.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (DOG do 16).
- Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31).
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto).
- Plan Territorial de Emerxencias de Galicia 2009 (PLATERGA).
- Normas Técnicas de Prevención editadas polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- DECRETO 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

2. AVALIACIÓN DO RISCO

2.1 Introducción

Neste primeiro documento descríbense e valóranse aqueles factores que inflúen, dalgunha maneira, sobre o risco potencial do propio edificio, en relación coas actividades desenvolvidas no interior de cada unha delas e os medios de protección dispoñibles.

Para isto teranse en conta aspectos como:

- Situación, contorno e accesos ao edificio.
- Medios exteriores de protección.
- Características construtivas.
- Resistencia ao lume e sectores de incendio.
- Escaleiras, ocos verticais.
- Ocupación e actividades desenvolvidas.
- Zonas de risco especial.

2.2 Antecedentes históricos e realidade socio-económica

O IES A Pinguela comezou a funcionar como Instituto de formación profesional en outubro do ano 1983, impartindo as especialidades de Administrativo e Perrucaría.

Este instituto está situado a uns 2 km do centro urbano, no lugar chamado “A Pinguela”. Ten, inicialmente, unha superficie de 7.000 m², de forma rectangular, de 70 x 100 m. Un dos lados menores dá fronte a estrada comarcal de Monforte a Sober, que constitúe o seu límite polo lado leste. Ao sur limita coa Escola Taller, e polo seu lado Oeste, coa valla de cerramento dun Centro de Educación Preescolar. Na actualidade, este Centro de Educación Preescolar foi incorporado e forma parte dos edificios do IES A Pinguela, sendo designado neste Plan como centro Anexo.

O límite polo norte constitúe unha estrada de 11 m de longo, asfaltada, e as súas cunetas, que permitiría o acceso ao citado centro Anexo e remata no mesmo cerre do Centro.

O terreo, asentado na marxe esquerda do Río Cabe, a uns 150 m da súa canle, caracterízase, desde o punto de vista topográfico, por ser completamente chan e despexado. O contorno máis próximo está constituído por unhas vivendas residenciais e unhas instalacións municipais deportivas, con campo de fútbol e piscina cuberta, entre outras.

Dentro do recinto pechado do IES A Pinguela, rodeando os edificios, atópase un xardín botánico con varias especies de árbores e arbustos.

O IES A Pinguela sitúase en Monforte de Lemos (Lugo), capital da comarca Terra de Lemos, cunha extensión duns 950 km². Limita polo oeste, sur e leste cos ríos Miño, Sil e Lor, respectivamente; e ten no río Cabe a rede fluvial que abastece a toda a zona.

A comarca, situada nunha depresión, ten un clima con características oceánico continentais, con trazos específicos como as elevadas oscilacións térmicas e as néboas, que limitan as temperaturas invernales e estivais.

A poboación da comarca non chega a alcanzar, actualmente, os 33.000 habitantes, concentrándose a maioría na capital (case 20.000), á que se suma a poboación do resto dos concellos da zona: O Saviñao, Bóveda, A Pobra do Brollón, Sober e Pantón.

Na capital, Monforte, o principal sector económico é o de servizos (Turismo, comercio, educación, sanidade, etc.) con algunha industria (fabricación de calzado, madeira, alimentación, etc.). Nos demais concellos o sector fundamental é o primario, agricultura e gandaría, destacando os viños da denominación de orixe “Ribeira Sacra”.

2.3 Risco potencial

2.3.1 Situación do edificio respecto do seu exterior

Como se sinalou anteriormente, o IES A Pinguela está situado fóra do casco urbano, na estrada comarcal de Monforte a Sober, a uns 150 m. do complexo deportivo municipal e 50 m. do campo de fútbol do “Club Lemos”.

O centro educativo está dentro dun recinto pechado cun muro de cemento e celosía decorativa de 2 m de altura aproximadamente.

As entradas principais, compostas por dúas cancelas, unha para vehículos e outra para persoas, dun ancho de 3,20 m. e 1,40 m., respectivamente, dan acceso á citada estrada comarcal de Monforte a Sober.

Fronte a estas entradas, do outro lado da estrada, hai unhas fincas pechadas. Nunha delas, existe unha nave industrial de almacenamento e garaxe, situada a uns 30 m. da estrada.

O lateral norte limita coa estrada, asfaltada que termina noutra cancela de 3,50 m., que posibilita o acceso ao entro Anexo.

Ao outro lado desta estrada, está situada un soar privado no que se atopa unha edificación de vivendas de 5 andares e unha nave onde se gardan algúns camións.

A parte posterior do recinto escolar dá a unha horta e ao río Cabe, co seu correspondente arboredo nas marxes.

En parte do lateral sur está situada a Escola Taller, dedicada a cursos de traballo. Na outra parte unha finca particular.

Do anteriormente exposto dedúcense algunhas consideracións respecto ao medio exterior:

- É difícil que un incendio orixinado en calquera destes edificios do exterior supoña un risco para o Instituto, nin que se dea a situación inversa.
- É moi difícil que haxa un escape de algunha sustancia tóxica, xa que non temos empresas que manipulen este tipo de sustancias o arredor.
- Os accesos desde o exterior ao Instituto son bastante bos pois permitirían que os vehículos que chegaran en caso de emerxencia (bombeiros, ambulancias, policía, etc.) tivesen unha marxe bastante ampla de acceso e para poder manobrar.

2.3.1.1 Plano de localización



2.3.2 Situación dos edificios e accesos

O recinto escolar do IES A Pinguela componse das seguintes construcións:

1. Edificio Principal. Consta de:
 - Principal Docente (A)
 - Talleres (D)
 - Actividades diversas (C)
2. Centro Anexo (B)
3. Pavillón Polideportivo (E)
4. Planetario (F)

O Edificio principal consiste basicamente en tres edificios independentes, integrados nun único conxunto.

A organización do mesmo realízase en forma de **U**, co seu lado aberto orientado a mediodía, dando lugar a un espazo interior aberto, que forma parte do xardín botánico do centro.

Unha zona, a xeito de pórtico, serve de nexo e establece as circulacións axeitadas entre os tres edificios do edificio principal: **Edificio principal docente (A)**, **Edificio de talleres (D)** e **Edificio de actividades diversas (C)**.

Existe unha boa comunicación entre todas as partes do conxunto. O acceso principal, próximo á rúa e aparcamento exterior, comunica directamente, mediante o vestíbulo da planta baixa do Edificio principal, tanto coas escaleiras de acceso a plantas superiores deste, como coa zona con pórtico posterior que establece a comunicación cos Talleres e Actividades diversas. Existe unha rúa de acceso para vehículos aos talleres pola súa parte posterior aproveitando a entrada xeral de vehículos ao recinto. Asemade, hai unha comunicación a nivel de primeira planta entre os edificios Principal docente (A) e Talleres (D).

O Edificio principal docente, que consta de tres plantas, sitúase paralelo á estrada de Monforte – Sober e é un bloque de estrutura lineal compacta de corredor central, de 33,30 m. de fronte á estrada e 18 m. de fondo, que remata polo lado norte co edificio de Talleres, e do que a fachada se orienta cara a estrada Monforte -Sober.

Neste ángulo sitúanse o acceso principal e o vestíbulo da planta baixa, que distribúe as circulacións de todo o edificio, dando acceso a todas as dependencias de uso común, saída ao xardín botánico, zona con pórtico e acceso aos núcleos de escaleira.

Ademais do acceso, agrúpanse na planta baixa todas as actividades de administración, servizos xerais e aseos correspondentes, así como a cafetería, que se sitúa, coa sala de profesorado e a xefatura de estudos, na fachada anterior do edificio con fronte á estrada, en tanto que a zona de dirección e administración, e a sala de xuntas, ocupa a ala posterior, que dá fronte ao xardín botánico, coa zona de secretaría e conserxería, en contacto co vestíbulo principal.

A disposición dos despachos de vicedirección, e dos departamentos de orientación, administrativo e matemáticas, e as dependencias do cuarto da calefacción, almacén, espazo de illamento e sala de pais, está realizada de forma un chisco independente na ala norte, para que o seu funcionamento non interfira na vida escolar, aínda que ten acceso directo ao vestíbulo.

Nas plantas altas sitúanse as aulas, sala de usos múltiples, laboratorios de física e química e de ciencias, así como salas de ordenadores . Tamén están distribuídos en cada planta os núcleos de aseos independentes para profesorado, alumnas e alumnos, que coinciden verticalmente cos da planta baixa, próximos ao vestíbulo.

En edificio independente, no talleres(D) están situados os talleres de textil, calzado, debuxo, (convertidas en aulas de clase), aula TIC, peiteado e estética...

Constan de 1 edificio de 400 m² (20 x 20). A parte dereita está a aula D003 , unha aula TIC teórico-práctica. Na planta alta, está a aula D104 (aula de debuxo), aula D111 construída no ano 2021, aula D112 , aula D107, departamento de imaxe persoal e aula de pedagogía terapéutica.

A esquerda dedícase a Talleres de peiteado, na planta baixa; e de estética, na planta alta.

A entreplanta comunícase, mediante unha pasarela, co Edificio principal docente.

O acceso a este edificio realízase desde a zona con pórtico do xardín botánico, e hai outra entrada á aula D003 pola parte posterior, pero é porta con barra antipánico.

O chamado edificio de Actividades diversas cerra o xardín botánico polo seu lado de poñente. É a “outra pata” da U. Consta dun espazo de teito inclinado e altura libre mínima de 4 m. destinado a aulas de C006 , biblioteca, e outro de 3 m. de altura libre destinado aula C002 (construída no 2021) e un Dpto C004, cun vestíbulo de acceso común a ambos espazos, dando fronte á zona con pórtico do xardín botánico, que comunica os tres edificios entre si.

Os edificios empregan como elemento de cerre o ladrillo cara vista, que contribúe a conformar unha imaxe unitaria ao mesmo tempo que proporciona un acabado exterior de fácil conservación e mantemento.

2.3.2.1 Plano de acessibilidade



2.3.3 Situación dos medios exteriores de protección

O servizo público de Bombeiros atópase a unha distancia aproximada do centro de 4 km.; e o tempo estimada do chegada é de 15 minutos, unha vez que reciban a comunicación de alarma.

2.3.4 Características construtivas dos edificios

2.3.4.1 *Descrición xeral dos edificios*

Edificio Principal. Consta de:

- Edificio A: Edificio principal docente
- Edificio D: Edificio talleres
- Edificio C: Edificio actividades diversas

Edificio anexo (B)

Polideportivo (E)

Planetario (F)

EDIFICIO PRINCIPAL DOCENTE (A)					
Planta Baixa			Planta Primeira		
Código	Identificación de Planta	Superficie (m ²)	Código	Identificación de Planta	Superficie (m ²)
A 001	Entrada	16,87	A 102	Aula	60,97
A 003	Recepción pais	10,12	A 103	Aula	30,83
A 005	Caldeira	11,70	A 104	Aula	30,83
A 006	Área Despachos	93,00	A 105	Aula	59,60
A 007	Conserxería	13,80	A 106	Dto. Lingua	6,75
A 008	Secretaría	19,35	A 107	Dto. Historia	6,75
A 009	Despacho secretario	14,75	A 108	Lab. Física e química	54,12
A 010	Almacén	13,61	A 109	Laboratorio Ciencias	54,12
A 013	Sala de xuntas	29,78	A 110	Aula	28,77
A 011	Aula informática	29,45	A 112	Salón de actos	121,25
A 012	Dirección reunións	14,89	A 114	Aseo	7,92
A 012	Dirección	14,89	A 115	Aseo	7,92
A 016	Responsable Calidade	10,08		Almacén	2,55
A 017	Sala de profesorado	59,59		Almacén	2,70
A 018	Bar - cafetería	39,73		Corredores	133,90
A 019	Xefatura de estudos	16,95		Escaleiras	27,72
A 020	Aseos masculinos ,minusválidos	14,80		Total m²	636,70
A 021	Aseos femininos, minusválidos	14,80			
	Corredores	103,68			
	Escaleiras	27,72			
	Almacén	4,10			
	Total m²	573,66			
Planta Segunda					
Código	Identificación de Planta	Superficie (m ²)			
A 202	Aula	57,97			
A 203	Aula	57,97			
A 204	Aula	57,97			
A 205	Dto. Informática	11,52			
A 206	Aula	63,02			
A 207	Aula	42,47			
A 208	Aula	45,21			
A 209	Aula	45,21			
A 210	Aula	45,21			
A 211	Aula	28,77			
A 213	Aseo	7,92			
A 214	Aseo	7,92			
	Almacéns	3,92			
	Corredores	133,90			
	Escaleiras	27,72			
	Total m²	636,70			

Total m² Edificio principal docente	1.847,06			
---	-----------------	--	--	--

EDIFICIO DE TALLERES (D)					
Planta Baixa			Planta Primeira		
Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)	Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)
D 001	Corredor e escaleiras	41,80	D 101	Corredor e escaleiras	23,65
D 002	Aula TIC2	49,93	D 102	Aula	12,35
D 003	Aula	122,35	D 103	Despacho	12,10
D 004	Almacén	12,10	D 104	Aula	59,45
D 005	Arquivo	16,35	D 105	Taller Estética	96,70
D 006	Taller Peiteado	92,16	D 106	Almacén Estética	6,55
D 007	Almacén	6,25	D107	Aula Imaxe persoal	28,82
D 008	Lavandaría	5,70	D108	Aseo	4,61
D 009	Aseo	9,00	D111	Aula	61,15
D 010	Aseo	8,20	D112	Aula	61,20
	Total m²	363,84		Total m²	366,58
	Total m² Edificio talleres	730,42			

EDIFICIO DE ACTIVIDADES DIVERSAS (C)		
Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)
C 001	Entrada	18,56
C 002	Aula	44,66
C 004	Departameto	5,99
C 005	Biblioteca	51,75
C 006	Aula	47,25
	Total m²	168,21

POLIDEPORTIVO (E)			PLANETARIO (F)		
Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)	Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)
E 001	Pavillón	1.022,25	F 001	Entrada	15,21
E 002	Almacén anexo	8,00	F 002	Local	22,00
E003	Vestuarios	70	F003	Sala proxección	67,90
	Total m²	1.100.25			
				Total m²	105,11

EDIFICIO ANEXO (B)					
Planta Baixa			Planta Primeira		
Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)	Código	Identificación de Planta	Superficie (m²)
B 001	Corredor e escaleiras	56,25	B 101	Corredor e escaleiras	56,25
B 004	Aula	58,40	B 102	Aula	58,40
B 003	Aula	59,20	B 103	Aula	59,20
B 005	Aula	27,58	B 104	Aula	13,64
B 006	Cociña, Comedor	112,94	B 105	Aula	13,64
B 007-08	Aseos	30,60	B 106	Aula	58,40
B 009-10	Aseos	14,30	B 107	Aula	40,88
	Total m²	373,57		Total m²	300,41
Total m² Edificio Anexo		673,98			

	Altura (m)	Superficie Útil Total (m²)
Edificio Principal Docente		1847,06
Edificio Talleres		730,42
Edificio Actividades diversas		168,21
Polideportivo		1100,25
Planetario		105,11
Edificio Anexo		673,98
TOTAL		4.625,03

O resto da superficie do recinto escolar está dedicado a aparcamento (428,4 m²) e xardín botánico.

CADRO DE ACCESOS					
Localización	Alto	Ancho	Material	Características	Observacións
Cancela entrada principal edificio A	Libre	3.5	Ferro	Dúas pezas	Aberta
Cancela entrada pequena edificio A	Libre	1.5	Ferro	Dúas pezas	Aberta
Porta principal entrada edificio A	2.02	1.65	Aluminio e cristal	Dúas follas	Sempre aberta
Porta principal II edificio A	2.06	1.80	Aluminio e cristal	Dúas follas	Sempre aberta
Porta acceso a edificios D e C	2.04	1.68	Aluminio e cristal	Dúas follas	Sempre aberta
Porta norte talleres tecnoloxía	2.40	0.95	Ferro	Unha peza	Pechada
Porta norte II talleres tecnoloxía	2.40	0.85	Aluminio e cristal	Unha folla	Pechada
Saída norte zona novos despachos	Libre	0.80	Ferro	Unha peza	Pechada
Entrada almacén norte	2,05	0,90	Aluminio e cristal	Unha peza	Pechada
Cancela posterior do aparcadoiro	Libre	4.80	Ferro	Unha peza	Corredoiro
Porta acceso talleres (dereita)	2.05	1.50	Aluminio e cristal	Dúas pezas	Aberta
Porta acceso talleres (esquerda)	2.05	1.50	Aluminio e cristal	Dúas pezas	Aberta
Porta de saída ao exterior da planta primeira do edificio A	2.03	0.80	Aluminio e cristal	Unha folla	Pechada
Porta de saída ao exterior da planta primeira de debuxo e estética (taller)	2.04	0.80	Aluminio e cristal	Unha peza	Pechada
Porta acceso a vestiarios edificio C	2.04	1.7	Aluminio e cristal	Dúas follas	Aberta
Porta acceso a biblioteca edificio C	2.15	1.45	Aluminio panelado	Dúas follas	Aberta
Porta acceso a música edificio C	2.15	1.45	Aluminio panelado	Dúas follas	Aberta
Porta acceso a polideportivo	2.50	1.45	Ferro	Unha peza	Aberta
Porta acceso a polideportivo posterior	2.50	1.45	Ferro	Unha peza	Pechada
Porta norte acceso a polideportivo	2.50	2.90	Ferro	Dúas pezas	Pechada
Porta principal anexo B	1.97	1.45	Aluminio e cristal	Dúas follas	Aberta
Porta acceso cocíña	1.95	0.75	Aluminio e cristal	Unha folla	Pechada

CADRO DE ACCESOS					
Localización	Alto	Ancho	Material	Características	Observacións
Porta interior acceso a comedor	2.00	1.20	Madeira	Dúas follas	Pechada
Porta comedor	2.02	0.85	Aluminio e cristal	Unha peza persiana	Pechada
Porta II comedor	2.02	0.85	Aluminio e cristal	Unha peza persiana	Pechada
Cancela planetario	Libre	1.00	Ferro	Unha peza	Aberta
Porta planetario	2.04	1.40	Madeira	Dúas follas	Aberta
Cancela entrada a zona edificio B	Libre	4.90	Ferro	Dúas pezas	Pechada

2.3.4.2 Elementos construtivos dos edificios

En canto aos elementos construtivos, é básico coñecer en que material están realizados, xa que isto indicará cal será o seu comportamento en caso de incendio. Na seguinte táboa móstranse os diferentes elementos construtivos que forman parte dos edificios e os materiais de construción.

ELEMENTO CONSTRUTIVO		MATERIAL
Estrutura	Piases	Formigón armado
	Trabes	Formigón armado
	Escaleiras	Formigón recuberto con baldosa
	Placas	Viguetas de formigón e bovedilla de cemento
Cerramentos	Partes cegas	Ladrillo
	Ventás	Aluminio e cristal simple. Dobre ventanal.
	Placas	Formigón
Cubertas	Material illante	Si
	Cuberta	Uralita e tella do país
	Tabiques	Ladrillo enlucido
Acabados	Paredes	Alicatado e enlucido
	Chan	Baldosa
	Teito	Estrutura de aluminio e pranchas de fibra de vidro
	Portas	Chapa de madeira con interior de cartón prensado
	Ventás interiores	Aluminio lacado e cristal simple
Instalacións sanitarias	Paredes	Alicatado ata o teito
	Chans	Baldosa
	Teitos	Estrutura de aluminio e pranchas de fibra de vidro

A resistencia ao lume dun elemento construtivo queda fixada polo tempo durante o que dito elemento é capaz de manter as súas condicións de estabilidade mecánica, illamento térmico, estanquidade ás lapas e ao lume e ausencia de emisión de gases inflamables. Por isto, os elementos construtivos clasifícanse mediante a expresión da súa resistencia ao lume (RF) con expresión do tempo en minutos.

2.3.4.3 Reacción ao lume e ignifugación

A perigosidade dos materiais de decoración e construción vén definida en grande parte pola súa maior ou menor combustibilidade. A norma UNE 23-727-90, relativa ao comportamento fronte ao lume dos materiais e elementos de construción, clasifícao nas seguintes categorías:

CLASE	COMPORTAMENTO FRONTE AO LUME
M 0	Non inflamable
M 1	Moi pouco inflamable
M 2	Lixeiramente inflamable
M 3	Moderadamente inflamable

CLASE	COMPORTAMENTO FRONTE AO LUME
M 4	Inflamable

2.3.4.4 *Compartimentación e sectorización*

Enténdese por sector de incendio a parte dos edificios limitada por elementos construtivos horizontais e verticais tales que, en caso de producirse un incendio no seu interior, non sobrepase os seus límites.

Neste sentido, dada a existencia de portas de madeira e cartón, podemos considerar cada edificio como unha unidade ou un único sector sen compartimentar, tanto máis que as escaleiras comunican todas as plantas sen ningunha posibilidade de cortar o paso.

- ⊖ Os materiais inflamables dos Talleres e Laboratorios son, con moito, os elementos máis perigosos nas zonas de aulas e, en xeral, nos espazos onde se desenvolve a actividade académica habitual en cada edificio.
- ⊖ Contéplase no Documento básico de seguridade en caso de incendio do CTE, para os edificios de uso docente, que “se o edificio ten máis de un andar, a superficie construída de cada sector de incendio non debe exceder de 4.000 m²”, feito que se cumpre nestes edificios. Ademais, constátase que, en xeral, os edificios posúen portas de entrada e saída suficientes e de amplitude tamén suficiente en caso de emerxencias.

2.3.4.5 *Escaleiras dos edificios*

EDIFICIO PRINCIPAL DOCENTE (A)			
	Nº	Altura evacuación	Ancho
Planta baixa a primeira	2	0-3	1,52
Primeira a segunda	2	3-6	1,52

	EDIFICIO TALLERES (D)			EDIFICIO ANEXO (B)		
	Nº	Altura evacuación	Ancho	Nº	Altura evacuación	Ancho
Planta baixa a primeira	1	0-3		1	0-3	

2.3.4.6 *Vías de evacuación*

Enténdese por evacuación o desaloxo dun local ou edificio no que se declarou un sinistro por incendio ou outro tipo de emerxencia. Unha **vía de evacuación** é o percorrido horizontal ou vertical que debe seguirse a través das zonas comúns do

edificio desde calquera punto do interior do edificio ata o exterior, sexa a vía pública ou un espazo aberto comunicado coa vía pública.

- ⊖ **Nunca se consideran vías de evacuación nin os ascensores nin as escaleiras mecánicas, que teñen o seu uso estritamente prohibido en caso de emerxencia.**

A altura de evacuación é a maior diferenza entre cotas de calquera orixe de evacuación e a saída do edificio que corresponda. Os recintos e zonas de ocupación nula non se consideran .

En canto ás portas, por unha parte temos as que comunican os diferentes edificios co exterior, que xa foron analizadas no apartado 1.3.4.1. En xeral as portas de todos os edificios teñen o tamaño axeitado ao uso que lles corresponde e ao número de persoas que habitualmente as utilizan para acceder ás Aulas, Departamentos e outras dependencias.

- ⊖ **Todas as portas interiores das aulas abren cara ao exterior das dependencias.**
- ⊖ **As portas das dependencias da planta baixa do Edificio Principal docente abren cara o interior, o cal NON é axeitado.**
- ⊖ **As portas dos Departamentos, Aseos, Almacéns, etc., en xeral, abren cara o interior.**
- ⊖ **Existen elementos de sinalización das vías de evacuación.**

2.3.5 Actividades e ocupación dos edificios

As ensinanzas impartidas no IES A Pinguela son as seguintes:

- Educación secundaria obrigatoria.
- Bacharelato nas modalidades: Ciencias, e Humanidades e ciencias sociais.
- Formación profesional básica: Servizos administrativos.
- Ciclos medios: Estética e Beleza, Peiteado e Cosmética Capilar, Xestión Administrativa , Sistemas Microinformáticos e Redes e Calzado e Complementos de Moda (FP dual), Confección e Moda, Doble ciclo de Confección e Moda con Calzado e CM.
- Ciclos superiores: Desenvolvemento de Aplicacións Web (vespertino), Asistencia a Dirección (nocturno) e Estilismo e Dirección de Peiteado (FP dual).

O horario lectivo¹ é o seguinte:

RÉXIME DIÚRNO	
E.S.O.	8:45 a 14:15 de luns a venres 15:35 a 17:15 os martes
Bacharelato	8:45 a 14:15 de luns a venres 16:25 a 18:05 os martes
Formación profesional básica	8:45 a 14:15 de luns a venres 15:35 a 17:15 os martes
Ciclos formativos de F. P.	8:45 a 14:15 de luns a venres 15:35 a 18:05 dúas tardes por semana: <ul style="list-style-type: none"> - Luns e mércores : C.M. Calzado e Cm. 2º - Luns e martes: C.S.AF1º - Martes e mércores : C.M. SMR 2º e C.M. Peiteado e CC 2º , C.M. EST. E B 2º - Luns e xoves: C.M .SMR1º, C.M. Peiteado e CC 1º, C.M. Estetica E B1º - Martes e xoves: C.M. XA 2º, C.M. Confección e Moda 2º - Mércores e xoves :C.S. AF 2º (ordinario+dual)
RÉXIME NOCTURNO	
Doble ciclo : C.M. Confección e moda e Calzado e C.M.1º C.M.Confección e moda 1º	15:35 a 21:40 luns, martes, mércores e venres 15:35 a 22:30 xoves
C.S. AF DUAL1º	15:35 a 21:40 luns e xoves 15:35 a 22:30 martes e mércores 15:35 a 20:50 venres
C.S. Asistente a dirección	16:25 a 21:40 luns, martes, mércores e xoves
C.S. Desenvolvemento de Aplicacións Web	-en primeiro curso 15:35 a 22:30 luns, martes e xoves. 15:35 a 21:40 mércores 15:35 a 19:10 venres -en segundo curso 15:35 a 22:30 luns e mércores 15:35 a 21:40 martes e venres 15:35 a 20:50 xoves

¹ A duración de cada clase é de 50 minutos. No horario diúrno existe un período de lecer ás 11:15 h (ESO E BAC, CICLOS FORMATIVOS), de 30 minutos de duración. Este tempo pode resultar un momento crítico para a evacuación do edificio debido a que non existe distribución uniforme das persoas que o ocupan.

C.S Estilismo e D.P.	-en primeiro curso: 15:35 a 22:30 luns, mércores e xoves 15:35 a 20:50 martes e viernes -en segundo curso: 15:35 a 20:50 luns, venres 15:35 a 22:30 martes, mércores e xoves
----------------------	---

O Centro permanece aberto de luns a venres desde as 8:30 horas ata as 22:30 horas.

